

Lucía Artime Alonso, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO:

Que dos datos e documentos obrantes nesta Secretaría ao meu cargo, resulta acreditado que con data 29 de novembro de 2025, a Alcaldía deste Concello ditou o decreto num. 3761/2025, que literalmente di:

“DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO “IV CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL VECIÑAL DO CONCELLO DE AMES 2025”

EXPEDIENTE: 20335/2025

Nestas datas por cuarto ano consecutivo, coa chegada das festas de Nadal promóvese dende o Concello a celebración do concurso de decoración de Nadal veciñal. Preténdese incentivar a participación e creatividade da veciñanza do Concello de Ames, colaborando na decoración das fachadas, balcóns, fiestras e xardíns das vivendas privadas, dando un ambiente artístico e tradicional e transmitindo un espírito festivo de Nadal, que contribúa a mellorar o ánimo de toda a veciñanza e supoña un foco de atracción para os visitantes, para o comercio local e tamén como xeito de valorar a implicación da nosa veciñanza, no ámbito rural e urbano.

Por providencia da Alcaldía de 26 de novembro de 2025, instase ao Departamento de Promoción económica a que se realice a proposta de bases da convocatoria do “IV Concurso de premios de decoración de Nadal veciñal” e logo dos trámites, documentos, informe e acordos necesarios se tramite o correspondente expediente administrativo.

Con data 27 de novembro de 2025 dende o servizo de Promoción económica proponse a aprobación dunhas bases reguladoras da convocatoria do “IV Concurso de decoración de Nadal veciñal do Concello de Ames 2025”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O obxectivo principal deste concurso é a decoración, con iluminación e motivos de Nadal, das distintas fachadas, balcóns e fiestras e xardíns das vivendas e con ese fin por cuarto ano consecutivo, promóvese e valórase facer participe a cidadanía desta labor, animando ós veciños e veciñas a engalanar as vivendas privadas.

Segundo.- Fundamento competencial.

O Concello de Ames, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas para a promoción do comercio local. Este concurso pretende implicar á veciñanza amiense na decoración e iluminación con motivos de Nadal das súas vivendas e recintos privados, colaborando na campaña de Nadal e coa intención de atraer ao maior número de persoas ao Concello de Ames e orientadas á promoción do comercio local.

En base ao establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Servizo de Promoción económica elaborou as bases do IV CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL VECIÑAL DO CONCELLO DE AMES 2025.

Terceiro.- No Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025 recóllese a seguinte liña de axudas:

LINEA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025		FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
---------------------	------------	----------------------	---------------	-----------------------------	---------------------------	---------------------------	--	-----------	--------------	---------------------------

Premios Na- dal Veciñal	A decoración, con iluminación e motivos de Nadal, das vi- vendas e recin- tos privados	Promover a acti- vidade e a impli- cación veciñal fa- vorecendo a co- gobernanza na campaña de na- dal 2024 promo- vida polo conce- llo.	Os propietarios ou arrendatarios de vivendas maio- res de idade ubicadas no termo municipal de Ames, debendo estar empadroa- das.	2023-2025	2.000,00	2.000,00	4314	47902	Fondos propios con cargo á funcional sina- lada	Concorren- cia competitiva
----------------------------	---	--	---	-----------	----------	----------	------	-------	--	----------------------------------

Cuarto.- Tendo en conta que as axudas non se concederán ata o mes de xaneiro de 2025 a autorización e disposición do gasto queda supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2026.

Quinto.- Tendo en conta que consta informe – proposta do departamento de Promoción económica no que queda acreditado que as bases cumpren cos requisitos establecidos no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o establecido na disposición adicional primeira da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

Visto o informe favorable da Secretaría e da Intervención municipal, esta Alcaldía Resolve:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada polo **decreto 1983/2023** na Xunta de Goberno Local en materia de “aprobación das bases reguladoras de subvencións concedidas polo Concello en réxime de libre concorrencia, o reparto das axudas de acordo con ditas bases e a aprobación da xustificación correspondente”, para o expediente 20335/2025.

Segundo.- Aprobar a convocatoria de tramitación anticipada dos premios do “IV Concurso de Decoración veciñal de Nadal 2025”, de acordo coas bases que figuran coma Anexo I desta resolución.

Terceiro.- A autorización de gasto para o exercicio 2026 queda sometida á condición suspensiva da consignación de crédito axeitado e suficiente, ao tratarse dunha tramitación anticipada.

Cuarto.- Publicar a convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a través do envío do extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa remisión ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto.- Dar conta ao pleno da Corporación en cumprimento do artigo 44.4 e 38.d do ROF.

Decretouno o alcalde-presidente, na data da súa sinatura dixital, do que eu, a secretaria xeral deste Concello dou fe.

O alcalde

A secretaria

José Blas García Piñeiro

Lucía Artime Alonso

Anexo I

BASES DO IV CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL VECIÑAL DO CONCELLO DE AMES 2025

Concellaría	Promoción económica
Anualidade	2025
Denominación	IV CONCURSO DE DECORACIÓN VECIÑAL DE NADAL 2025

DATA DE SINATURA: 01/12/2025
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretario
Alcalde

NOME: Lucía Artime Alonso
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - Código Seguro de Verificación: 152201D0C2C2CAE12EFAEEB5D43B3



Beneficiarios	Propietarios ou arrendatarios de vivendas unifamiliares, maiores de idade, localizadas no termo municipal de Ames e que estean empadroadas no concello.
Aplicación orzamentaria	4314.48108 (tramitación anticipada)
Importe da convocatoria	2.000,00 €
Importe dos premios	• Primeiro/a clasificado/a: 500 € • Segundo/a clasificado/a: 500 € • Terceiro/a clasificado/a: 500 € • Cuarto/a clasificado/a: 500 €

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa chegada das festas de Nadal dende o concello preténdese incentivar a participación e creatividade da veciñanza do Concello de Ames, estimulando a decoración das fachadas, balcóns, fiestras e xardíns das vivendas privadas, dando un ambiente artístico e tradicional e transmitindo un espírito festivo de Nadal, que contribúa a mellorar o ánimo de toda a veciñanza e supoña un foco de atracción para os visitantes, para o comercio local e tamén como xeito de valorar a implicación da nosa veciñanza, no ámbito rural e urbano.

1.- BASES XERAIS

O Concello de Ames aprobou a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, que recolle o contido xeral das bases das subvencións convocadas polo Concello (Boletín Oficial da Provincia número 23, do 4 de febreiro de 2025).

2.- BASES ESPECÍFICAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA.

O obxectivo principal deste concurso é a decoración, con iluminación e motivos de Nadal, das distintas fachadas, balcóns e fiestras e xardíns das vivendas e con ese fin por cuarto ano consecutivo, promóvese e valórase facer partícipe a cidadanía desta labor, animando ós veciños e veciñas a engalanar as vivendas privadas. A finalidade é incentivar a participación e creatividade da veciñanza do Concello de Ames, colaborando na decoración das fachadas, balcóns, fiestras e xardíns das vivendas privadas, dando un ambiente artístico e tradicional e transmitindo un espírito festivo de Nadal, que contribúa a mellorar o ánimo de toda a veciñanza e supoña un foco de atracción para os visitantes, para o comercio local e tamén como xeito de valorar a implicación da nosa veciñanza, no ámbito rural e urbano.

Resulta de aplicación á presente convocatoria o disposto na Disposición Adicional Primeira, da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, que regula os premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza suxeitos a publicidade e concorrência.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES.

Poderán participar no concurso e, por tanto, poderán ser beneficiarias as persoas nos termos establecidos nestas bases, os/as propietarios/as ou arrendatarios/as de vivendas unifamiliares maiores de idade que estean localizadas no termo municipal de Ames, no seu ámbito rural e urbano, e nas que as persoas participantes estean empadroadas.

Os/as participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Non ter débedas en período executivo de pago co Concello de Ames no momento da concesión, salvo que o pago das devanditas débedas estivesen garantidas, de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais, así como estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia, Concello de Ames e coa Seguridade Social. As persoas participantes presentarán declaración responsable de que se atopan ao corrente no cumprimento destas obrigas, tal e como consta no formulario da solicitude de participación no concurso.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
01/12/2025 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
01/12/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - Código Seguro de Verificación: 152201D0C2CAE12EFAEEB5D43B3

- Non incorrer nalgunha das circunstancias que se determinan no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que impiden obter a condición de beneficiario. A este respecto, as persoas participantes están obrigadas a presentar unha declaración de non atoparse incursos en ningunha das prohibicións previstas no citado artigo 13 de Lei 38/2003, de 17 de novembro.

- Deben atoparse ao corrente de pago das obrigacións por reintegro de calquera subvención ou premio concedido con anterioridade por este Concello.

- Non poderán participar no concurso as persoas que formen parte do xurado, así como calquera outra persoa que teña un parentesco en primeiro ou segundo grao con algún membro do xurado.

TERCEIRA.- INSCRICIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles dende o seguinte á data á publicación do extracto das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Non se admitirán solicitudes presentadas fora do prazo indicado no parágrafo anterior.

As solicitudes poderán presentarse mediante instancia xeral acompañada de Anexo I na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>).

Do mesmo xeito, poderán presentarse de forma presencial de luns a venres, en horario de 09:00 a 14:00 horas, nos rexistros municipais existentes en:

- Casa do Concello en Bertamirás

- Oficinas Municipais no Milladoiro

Todos os concursantes terán que enviar dúas fotos da decoración ao correo electrónico promocioneconomica@concellodeames.gal, antes do 18 de decembro de 2025. Soamente se admitirán os formatos de imaxe enviados no prazo indicado e para os que conste a solicitude de participación rexistrada no Concello dentro do prazo de solicitude.

CUARTA.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Só poderá presentarse ao concurso un único proxecto por vivenda.

A decoración deberá estar exposta, como mínimo, entre os días 12 de decembro de 2025 e o 1 de xaneiro de 2026.

As decoracións e adornos teñen que ser típicos de Nadal, así como a composición de elementos, a proposta de ornamentación das fachadas, entradas, ventás, casas, árbores, etc. dos participantes.

Os elementos decorativos situaranse sobre as fachadas, balcóns, fiestras e xardíns sen causar ningún tipo de perigo nin prexuízo para as persoas e os bens, e sen ocupar as vías de circulación.

En caso de realizar a decoración aproveitando o voo das vías públicas (colocación, grilandas, faroliños, iluminación...), deberase contar coa aprobación dos donos dos inmobles.

A zona elixida para ser decorada ten que ser totalmente visible dende a vía pública.

As persoas participantes en calquera das modalidades serán as encargadas e responsables da seguridade, montaxe, coidado, mantemento e recollida o finalizar estas datas.

Queda totalmente prohibido o emprego de lume, fachos, velas ou calquera outro elemento pirotécnico na iluminación.

No caso de que se producise algún tipo de dano do material que forma parte da decoración e iluminación durante o período de exposición, deberá ser substituído ou retirado, baixo a responsabilidade do particular que montou a decoración.

Será descualificado calquera concursante que mostre no seu balcón ou xanela calquera tipo de publicidade, slogan ou similar.

As imaxes da decoración e iluminación dos participantes no presente concurso serán cedidas ao Concello de Ames co único obxecto de ser difundidas polo mesmo con fins de divulgación a través dos medios dixitais municipais.

QUINTA.- RÉXIME DE CONCESIÓN, IMPORTE DA CONVOCATORIA E IMPORTE DOS PREMIOS

Trátase dunha subvención en réxime de concorrencia competitiva.

Esta convocatoria acóllese ao procedemento de tramitación anticipada, de acordo co artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

DATA DE SINATURA: 01/12/2025
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretaria
Alcalde

NOME: Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 152201DOC2CAE12EFAEEB5D43B3



O importe estimado destinado aos premios previstos nesta convocatoria será de 2.000 euros.

A concesión e pagamento queda supeditada a existencia de crédito adecuada e suficiente no exercicio 2026 na aplicación orzamentaria 4314.48108.

Importe dos premios:

- Primeiro/a clasificado/a: 500 €
 - Segundo/a clasificado/a: 500 €
 - Terceiro/a clasificado/a: 500 €
 - Cuarto/a clasificado/a: 500 €
- Total: 2.000,00 euros

Os premios estarán suxeitos á retención fiscal que corresponda de conformidade coa lexislación vixente.

Os premios serán compatibles con outros para a mesma finalidade.

SEXTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO:

O xurado estará composto por 3 membros:

- Un/unha representante do Coworking A Proa.
- Un/unha representante do voluntariado de protección civil de Ames
- Un representante da Unión de Consumidores de Galicia

Un/unha traballador/a da Concellaría de Promoción Económica actuará como secretario/a, con voz pero sen voto. Quen exerza de secretario/a levantará a acta correspondente da xuntanza do xurado na que se emita a resolución e se propoñan aos/ás beneficiarias dos premios.

A composición do xurado publicarase con antelación á emisión do ditame e será fixada por decreto da Alcaldía, segundo a proposta da Concellaría Promoción económica.

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

O requisito imprescindible é que os adornos teñan iluminación, e representen adornos propios das festas de Nadal.

O xurado valorará aos participantes pola súa creatividade, en base aos criterios de composición e deseño, tendo en conta, ademais, a orixinalidade e a elaboración propia. Do mesmo xeito, valorarase a utilización da iluminación como foco de atracción e o uso de materiais de refugallo.

Deste xeito as decoracións serán valoradas:

- 1- Composición e deseño (5 puntos)
- 2 - Orixinalidade e elaboración propia (5 puntos)
- 3 - Utilización da iluminación como foco de atracción (5 puntos)
- 4 – Fomento da sustentabilidade (Uso de materiais de refugallo, ...) (5 puntos)

A decoración dos establecementos será valorada por cada un dos membros do xurado, será sumada a puntuación de cada un deles e farase unha media. A puntuación máxima é de 20 puntos.

O fallo do xurado será inapelable e decidirá sobre calquera dúbida que se expoña.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que o xurado considere que os participantes non alcancen un mínimo de calidade ou de que a cantidade de participantes sexa insuficiente para o desenvolvemento do concurso.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

A presente convocatoria de premios tramitarase na forma de concorrência competitiva.

O órgano competente para a instrución do procedemento será o servizo de Promoción económica.

O órgano competente para resolver o procedemento será a Xunta de Goberno Local do Concello de Ames, en virtude do decreto de delegación da Alcaldía núm. 1983/2023, de 26 de xuño.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
01/12/2025 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
01/12/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 152201D0C2CAE12EFAFACEEB5D43B3

O procedemento de concesión dos premios resolverase nos 3 meses a contar desde a finalización do termo de presentación de solicitudes e a falta de resolución, dentro deste prazo, terá carácter de desestimación.

A resolución do procedemento publicaráse no taboleiro de anuncios do Concello de conformidade co establecido no art. 26 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Prescindirase do trámite de audiencia na proposta de resolución, ao non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas aspirantes.

Contra a resolución de concesión que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao de publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ames.

NOVENA.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADES

Deberanse respectar as normas para a montaxe, debendo estar rematada a instalación da decoración o día 12 de decembro de 2025.

A decoración deberá estar exposta, como mínimo, entre os días 12 de decembro de 2025 e o 1 de xaneiro de 2026.

O solicitante deberá responsabilizarse do cumprimento das normas establecidas en canto á seguridade e medidas específicas sanitarias.

En todo caso, o Concello de Ames queda exonerado das responsabilidades derivadas dos danos materiais, físicos ou de calquera outra natureza que se poidan producir a terceiros con motivo dos traballos de instalación, montaxe e desmontaxe.

A inscrición no concurso implica a autorización a tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais as cales poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais.

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descualificación no Concurso.

A participación no "IV Concurso de decoración veciñal de Nadal 2025" implica a aceptación total destas bases.

A interpretación das bases correspóndelle a Concellaría de Promoción económica.

DÉCIMA.- FALLO DO XURADO

O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer durante o mes de xaneiro de 2026.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que o xurado considere que os participantes non alcancen un mínimo de calidade ou de que a cantidade de participantes sexa insuficiente para o desenvolvemento do concurso.

En caso de empate, este resolverase entre eles coa proposta que maior puntuación parcial acadase no criterio 4 "Fomento de sustentabilidade" e de persistir este polo que maior puntuación parcial acadase no criterio 3 - "Utilización da iluminación como foco de atracción".

DÉCIMO PRIMEIRA.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo polo Departamento de Promoción económica nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DOS PREMIOS.

A decoración deberá estar exposta, como mínimo, entre os días 12 de decembro de 2025 e o 1 de xaneiro de 2026. Aquela decoración que non se atope montada no momento da visita dalgunha das persoas que forman parte do xurado quedarán excluídos do concurso.

Todos os concursantes terán que enviar dúas fotos da decoración ao correo electrónico promocioneconomica@concellodeames.gal, antes do 18 de decembro de 2025.

DÉCIMO TERCEIRA.- MEDIOS DE NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE.

Un extracto da presente convocatoria publicaráse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, o texto íntegro poderá consultarse na Base Nacional de Subvencións (BDNS) accesible desde <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>.

Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse na páxina web municipal.

A resolución do procedemento publicaráse no taboleiro de anuncios do concello de conformidade co establecido no art. 26 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

DATA DE SINATURA: 01/12/2025
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 152201D0C2CAE12EFAFACEEB5D43B3



DÉCIMO CUARTA.- PAGAMENTO E REINTEGRO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria á conta que indicasen as persoas premiadas.

Os premios serán obxecto de retención fiscal de acordo co estipulado na lexislación vixente.

Os premios serán reintegrados nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS.

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica da tramitación da convocatoria dos premios e a verificación dos datos achegados na solicitude.

A lexitimación do tratamento está baseada no cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas premiadas, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas premiadas, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

DÉCIMO SEXTA.- CONFIDENCIALIDADE

Toda a documentación achegada polos participantes neste concurso será considerada confidencial polo persoal do Concello e polos membros do Xurado que teñan acceso a aquelas durante o proceso de recepción, avaliación e selección de propostas.

DÉCIMO SÉTIMA.- ÓRGANO DE CONTROL

Os beneficiarios/as dos premios concedidos polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (BOP núm. 23, de 4 de febreiro de 2025), nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
01/12/2025 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A0A0D97
01/12/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2CAEL12EFAEEB5D43B3

ANEXO I**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO “IV CONCURSO DECORACIÓN DE NADAL VECIÑAL DO CONCELLO DE AMES 2025”**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
Nome e apelidos			
DNI			
Enderezo			
Localidade			
Teléfono/s		Correo electrónico	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (se é o caso)			
Nome e apelidos			
DNI			
Enderezo			
Localidade			
Teléfono/s		Correo electrónico	

En calidade de:

☐ Titular da vivenda☐ Arrendatario/a

En relación á convocatoria do “IV CONCURSO DECORACIÓN DE NADAL VECIÑAL DO CONCELLO DE AMES 2025”, SOLICITO a miña participación.

ENDEREZO DA DECORACIÓN:
ELEMENTOS VALORABLES NA REALIZACIÓN (breve descrición):
Emprego de materiais reciclados:

Así mesmo, **DECLARO DE XEITO RESPONSABLE:****1º.-** Que acepto as bases da convocatoria.**2º.-** Que non me atopo incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de subvencións das Administracións Públicas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, comprometéndome a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.**3º.-** Que me atopo ao corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia, Concello de Ames e coa Seguridade Social, comprometéndome a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.**4º.-** Que me someto ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar.

DATA DE SINATURA: 01/12/2025
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2CAE12EFACEE5D43B3



CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO	
<i>A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa. No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Ames ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.</i>	AUTORIZO A CONSULTA
Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigas fronte á Seguridade Social	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigas tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Ames	☐ SI ☐ NON
Estar empadroad/a no Concello de Ames	☐ SI ☐ NON
AUTORIZACIÓN PARA A CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES PERSOAIS	
Autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios	☐ SI ☐ NON

Nota.- Xunto con este anexo, as persoas solicitantes deberán achegar:

- 1.- Copia do documento de identidade da persoa solicitante. Non será necesaria a presentación do documento de identidade se a solicitude é presentada por rexistro telemático pola persoa interesada.
- 2.- No caso de non autorizar ao Concello ás consultas, deberá presentar certificacións de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria, Concello, Tesourería Xeral da Seguridade Social e un volante de empadramento.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica da convocatoria do "IV Concurso de decoración veciñal de Nadal 2025", verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas premiadas, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude.
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicárase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, de de

Sinatura da persoa solicitante

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

E para que así conste e xustificar onde conveña, expido a presente co visto e praxe do señor

alcalde en Ames, a 1 de decembro de 2025.

Visto e praxe
O alcalde
J. Blas García Piñeiro

A secretaria
Lucía Artime Alonso

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
01/12/2025 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A0A0D97
01/12/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaria
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2CAE12EFACEE5D43B3

